




Área / Unidade DIRECCIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000 ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA JMDV	Documento AD017I00W9	
Código de verificación  3N35 2C6P 0N2C 6E2Z 1755	Expediente 360/2023/113	
	Fecha 29-09-2023	

## INFORME-PROPOSTA PARA A TRAMITACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A CONVENIENCIA E NECESIDADE DE ELABORACIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO MUNICIPAIS DO CONCELLO DA CORUÑA

### 1.- Antecedentes e cuestións que pretende solucionar a iniciativa. Necesidade e oportunidade da súa aprobación

O Concello da Coruña, a través da Área de Economía e Planificación Urbana, ten previsto impulsar unha nova Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipais, co obxecto de substituír de forma integral, mediante a súa necesaria actualización e refundición, a actual normativa municipal na materia.

O artigo 15.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que as corporacións locais exercerán a potestade regulamentaria ben nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais, ben mediante a aprobación de ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Esta regulación específica da xestión, liquidación, inspección e recadación conforma o marco legal municipal necesario para a aplicación dos tributos e outros ingresos públicos locais, e constitúe así mesmo o texto normativo de referencia para os procedementos de revisión en vía administrativa municipal. Neste contexto, a simplificación e a refundición normativas constitúen un obxectivo esencial no exercicio da potestade regulamentaria por parte do Concello da Coruña, imprescindible no ámbito tributario local.

As sucesivas reformas da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, recentemente modificada pola Lei 13/2023, do 24 de maio, en transposición da Directiva (UE) 2021/514 do Consello do 22 de marzo de 2021 relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e, doutra banda, os avances producidos no ámbito da administración electrónica, tendo especialmente en conta a nova Ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña, aprobada polo pleno da corporación municipal o 4 de maio de 2023, aconsellan a aprobación dun novo texto revisado e unificado, en substitución das seguintes ordenanzas municipais xerais de carácter fiscal do Concello da Coruña:



- Ordenanza xeral de xestión, aprobada por acordo do pleno da corporación municipal do 29 de decembro de 2015. Dispoñible no enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/ordenanzas/ordenanzas/detalle-ordenanza/ordenanza-xeral-de-xestion/contenido/1453752723909>

- Ordenanza xeral de recadación, aprobada por acordo do pleno da corporación municipal do 20 de outubro de 2017. Dispoñible no enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/normativa/ordenanza-xeral-de-recadacion/contenido/1453752729409>

- Regulamento da inspección de tributos municipais, aprobado por acordo do pleno da corporación municipal do 19 de decembro de 2008. Dispoñible no enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/ordenanzas/ordenanzas/detalle-ordenanza/regulamento-para-inspeccion-de-tributos-municipais/contenido/1453752727974>

A Ordenanza fiscal número 19 xeral de contribucións especiais, aprobada por acordo do pleno da corporación municipal do 3 de decembro de 2004; e a Ordenanza xeral de prezos públicos, aprobada por acordo do pleno da corporación municipal do 5 de outubro de 2004; manterían a súa vixencia, e dado o seu carácter específico non serían obxecto de integración e refundición na nova ordenanza a elaborar.

Esta nova ordenanza xeral tributaria debe de orientarse polos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O novo texto persegue a aprobación dunha norma que se adecúe a un obxectivo de interese xeral que contribúa a configurar un marco xurídico proporcional e simplificado que permita facilitar ás persoas contribuíntes, de forma sinxela e clara, o cumprimento dos requisitos administrativos propios do ámbito fiscal.

En canto á súa proporcionalidade, a nova ordenanza non debe implicar a asunción de novas cargas ou obrigas administrativas para as persoas contribuíntes, senón que, abordando o conxunto da regulación xeral fiscal nun único texto, facilítase a súa accesibilidade, consulta e interpretación de maneira integral por parte da persoa contribuínte, así como por parte do conxunto dos operadores tributarios. Reforzar ao propio tempo o réxime de dereitos e garantías das persoas contribuíntes supón tamén un eixo relevante nesta nova ordenanza xeral tributaria.

O novo texto respectará plenamente o principio de transparencia, nos termos dispostos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Finalmente, debe reforzarse o principio de seguridade xurídica, na medida en que a iniciativa normativa debe exercerse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico autonómico, estatal e europeo na materia, dando lugar a un marco normativo integral, estable e predicible para os seus destinatarios.

Resulta legalmente esixible este trámite de consulta pública previa co obxecto de recadar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal. Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española cando establece a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todas a cidadanía na vida pública.

O artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Para tal efecto, o artigo 133 desta lei establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

## 2.- Obxectivos xerais da norma e principais aspectos que regula

Como se vén de expoñer, os obxectivos xerais da nova Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña son:

- a) A actualización e refundición normativas da vixente regulación xeral municipal en materia fiscal, marco de aplicación das diferentes figuras tributarias e doutros ingresos de dereito público esixibles polo Concello da Coruña.
- b) O reforzo dos mecanismos de cooperación e coordinación administrativa en materia fiscal nas súas sucesivas fases de xestión, inspección e recadación tributaria.
- c) A mellora do sistema de dereitos e garantías tributarias das persoas contribuíntes e dos mecanismos de relación electrónica coa Administración Tributaria Municipal.

Agás que se dispoña especificamente o contrario, a nova ordenanza non terá efecto retroactivo e se aplicará aos tributos sen período impositivo devindicado a partir da súa entrada en vigor e aos demais tributos cuxo período impositivo se inicie desde ese momento.

Esta nova ordenanza municipal conterá así os principios básicos, as normas comúns e os procedementos de xestión, inspección, recadación e de revisión en vía administrativa dos tributos e demais ingresos de dereito público que integran a Facenda Municipal do Concello da Coruña, así como a potestade sancionadora municipal en materia tributaria.

As normas contidas na ordenanza consideraranse parte integrante das respectivas ordenanzas fiscais reguladoras de cada un dos tributos e demais ingresos de dereito público da Facenda Municipal en todo o que non estea especificamente regulado nelas.



### 3.- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

O Concello da Coruña podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia xeral tributaria. Esta alternativa non permitiría a actualización integral conforme ao novo marco regulatorio derivado das sucesivas modificacións normativas, nomeadamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Ademais, mantería a actual regulación fragmentada do bloque normativo municipal regulador do ciclo completo da tributación local.

2ª) Abordar unha nova ordenanza xeral fiscal mediante a técnica da refundición normativa engadirá á súa necesaria actualización, unha maior seguridade xurídica, accesibilidade e tratamento integral da xestión tributaria local para as persoas contribuíntes, para os distintos axentes públicos e privados que operan no sector e para a propia Administración Tributaria Municipal.

Por iso, considérase que a aprobación desta nova Ordenanza xeral fiscal do Concello da Coruña dará cumprimento axeitado ao conxunto dos problemas descritos nos antecedentes desta consulta previa.

### 4.- Canle de participación

A cidadanía e as entidades que así o consideren oportuno, poderán facer chegar as súas opinións ou suxestións sobre os aspectos formulados no texto desta consulta durante os 20 días hábiles que durará o período de información pública, a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación na web municipal [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal). Así, poderán achegar as súas propostas a través do formulario que se habilitará ao efecto na devandita web municipal.

Por todo o exposto, propónse:

**PRIMEIRO.-** Someter ao trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a conveniencia e necesidade de aprobar unha nova Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipais, conforme aos antecedentes expostos.

**SEGUNDO.-** Abrir un prazo de 20 días hábiles, a contar dende a publicación desta consulta pública previa no Portal web do Concello da Coruña [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal), para que as persoas ou entidades interesadas poidan formular as achegas e suxestións que consideren necesarias.



# Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Juan Manuel Díaz Villoslada  
Técnico Superior de Dirección

Rosario Carballo Gómez  
Xefa do Servizo de Xestión Tributaria

Manuel Ángel Jove Losada  
Coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas  
Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana